



**REGULAMENTO DE
TÉCNICOS**

PREÁMBULO

Esta normativa responde a necesidade de regular, nun só documento, todas as regras que afectan o desenvolvemento das funcións de técnicos/as das distintas especialidades ximnásticas, no seu labor como tales. Responde o compromiso dos técnicos/as de demostrar formación e compromiso na realización do seu labor.

CAPÍTULO I.-XENERALIDADES

Art. 1.- Ámbito de aplicación:

Aplicarase a todos os/as técnicos que realizan o seu labor, no adestramento, nas competicións, cursos e en calquera outra actividade para a que fosen reclamados por a Federación Galega de Ximnasia, a partires de agora, FGX.

Art. 2.- Definición de Técnico

Considerasen técnicos, (adestradores, preparadores/as físicos, coreógrafos ... etc. a aquelas persoas, con título recoñecido por a RFEG e/ou FGX

Art. 3.- Licenza

Todos/as os/as técnicos, para participar como tales, deberán de posuír e ter, en vigor, a licenza federativa.

Art. 4.- Tipos de técnicos

Existen estes tipos de técnicos.

4.1.- Adestradores/as: Niveis

1. Nivel I: Adestradores con curso superado de primeiro nivel , con título emitido e rexistrado na administración pública correspondente e con licenza autonómica homologada.
2. Nivel II: Adestradores con curso superado de segundo nivel , con título emitido e rexistrado na administración pública correspondente e con licenza autonómica homologada.
3. Nivel III: Adestradores con curso superado de segundo nivel , con título

emitido e rexistrado na administración pública correspondente e con licenza autonómica homologada.

Ademais

4. Adestrador/a Autonómico: Adestradores con título primeiro nivel, emitido e realizado por a RFEG en datas anteriores o desenvolvemento do currículo de Ximnasia e a implantación da titulación por niveis.
5. Adestrador/a Nacional: Adestradores con título segundo nivel, emitido e realizado por a RFEG en datas anteriores o desenvolvemento do currículo de Ximnasia e a implantación da titulación por niveis.
6. Ximnastas en período de practicas: Persoas físicas, coa licenza de ximnastas, que despois de superar os contidos dos cursos de primeiro nivel, atópanse realizando as practicas correspondentes ao citado curso coa supervisión dun técnico de rango superior

4.2.-Coreógrafos/as:

1. Considéranse coreógrafos/as todas aquelas persoas, con licenza federativa en vigor, teñen a formación requiridas por a RFEG e/ou FGX, na súa normativa de licenzas

4.3..- Preparadores/as físicos:

1. Considéranse preparadores físicos/as todas aquelas persoas, con licenza federativa en vigor, teñen a formación requiridas por a RFEG e/ou FGX, na súa normativa de licenzas

Art. 5.- Formación.

1. A competencia, en Galicia, da formación de técnicos/adestradores/as corresponde a FGX, previa autorización da Escola Galega para o Deporte .
2. No caso de coreógrafos, preparadores/as físicos, a competencia será da administración educativa que poida emitir a titulación requirida na normativa de licenzas.
3. A FGX poderá organizar cursos de actualización para os seus técnicos co fin de manter a súa formación continua.

CAPÍTULO II.- FUNCIONES

Art. 6.-As súas funcións serán as que seguen:

Para os/as adestradores/as de I, II, III nivel e adestradores autonómicos e nacionais, así como coreógrafos/as e preparadores/as físicos

1. Realizar os adestramentos, en función a súa titulación, na súa entidade deportiva.
2. Supervisar, no seu caso, a actividade dos/as ximnastas en prácticas, se os/as houbera, tanto en competición como en adestramento, e asinar, ao final, a certificación das mesmas según a normativa regulamentaria
3. Participar, cos/coas seus/súas ximnastas naquelas competicións oficiais, tendo a máxima atención e compromiso, durante ela.
4. Procurar un comportamento adecuado dos/as seus/súas deportistas, tanto en adestramentos como en competición.
5. Inscribir e/ou propoñer a inscrición dos seus/súas ximnastas, sempre de acordo á normativa, que rexerá a competición

Para ximnastas en prácticas

1. Realizar aquelas actividades de adestramento e/ou competición baixo a supervisión e presenza do seu técnico de rango superior

CAPÍTULO III.- DEREITOS E OBRIGAS

Art. 7.- Dereito

Os/as técnicos teñen dereito:

1. A estar informados de todas as novidades que se produzan nas distintas normativas e regulamentos
2. A ser respectados, durante a súa función como tales, en todas e cada unha das competicións e por todos os participantes.
3. A participar naqueles cursos de actualización e formación, promovidos por a FGX, nas condicións nas que se convoquen.
4. A estar en pista de competición, acompañando aos seus deportistas.
5. A realizar aquelas reclamacións, agás ximnastas en prácticas, do

resultado da actuación do deportista, nos termos marcados por a normativa e ante o órgano competente sinalado no regulamento da competición.

6. A recibir contestación do mesmo órgano e nos termos regulados nos estatutos federativos e demais disposicións legais.
7. A participar nos órganos de funcionamento da FGX, (assemblea, comisión delegada, comités técnicos, formación...) segundo ditaminen os estatutos, regulamentos e demais disposicións legais.

Art. 10.-Obrigas

Ademais de todas aquelas que se dispoñan nos estatutos e regulamentos das entidades nas que presta o seu servizo, nas súa relación coa FGX, os/as técnicos/as terán a obriga de:

1. Ser respectuosos con todos e cada un dos participantes
2. Ser puntuais e respectar as regras da competicións nas que poidan participar como tales.
3. Aceptar todas aquelas ordes e decisións das persoas organizadoras da actividade, xuíces, organizadores, persoal federativo. Isto non implicara que non poidan presentar as reclamacións nas circunstancias permitidas e por os medios regulamentarios.
4. Procurar que os seus deportistas manteñan a compostura e ocupen, en cada momento, os espazos a eles/as dedicados, para un mellor desenvolvemento da actividade.
5. Colaborar co ente federativo e participar en todas aquelas actividades para as que sexan reclamados, sempre coas condicións que, regulamentariamente, se fixen para cada unha delas

DISPOSICIÓN FINAL: O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación por a Asemblea Xeral